



Tephromela atra (Muds.)
Mafellner var. *Atra*

Medra nas rochas ácidas e ten un amplo rango ecolóxico e altitudinal. Na nosa comunidade é frecuente tanto nas rochas como nos muros dos monumentos (foto 1), principalmente nas zonas expostas e solleiras.

Talo crustáceo de cor abrancazado, fendido-areolado, cando medra aillado ten forma circular (foto 2). Apotecios lecanorinos, abondosos por todo o talo (fotos 2, 3). O disco negro dos apotecios é moi característico (foto 3), así como tamén o himenio violáceo que se deixa ver ao facer un corte transversal nos mesmos (foto 4).

As esporas son simples, hialinas e elipsoidais, 10-15 x 5-8 μm .

Fotobionte: alga verde.

Reaccións: talo I κ + amarelo, C- e P-

